



Concello de Lalín. Orzamento exercicio 2022

INFORME ECONÓMICO - FINANCEIRO

En cumprimento do preceptuado nos artigos 168.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 18.1 do Real Decreto 500 / 90, de 20 de abril, e os artigos 11.4, 12 e 30 da Lei orgánica 2/2012, emítase o seguinte informe económico-financeiro, en relación co Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2022.

Así mesmo, o artigo 3 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira, de 27 de abril dispón que: “A elaboración, modificación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito desta Lei (entidades locais, organismos autónomos e entes públicos dependentes de aquela que presten servizos ou produzan bens que non se financien), se realizará nun marco de estabilidade presupostaria coherente coa normativa europea.

Se entenderá por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Non obstante, con data 20 de outubro de 2020 o Congreso dos Deputados, por maioría absoluta, apreciou que existían as condicións de excepcionalidade previstas no Artigo 135.4 da Consitución Española e no Artigo 11.3 da Lei de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira para suspender as regras fiscais. En consecuencia, o Goberno suspendeu a aplicación das regras fiscais en 2020 e 2021, polo que quedarían sen efectos os obxectivos de estabilidade e de débeda pública e tampouco se aplicará a regra de gasto para esos exercicios, como medida extraordinaria para facer fronte á crise da COVID-19.

Así mesmo, o Consello de Ministros acordou en sesión do 27 de xullo o mantemento da suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022 e o Congreso dos Deputados, en sesión celebrada o día 13 de setembro de 2021, respaldou o acordo do Consello de Ministros do manter a citada suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022, en liña coa recomendación das autoridades europeas dende o inicio da crise provocada pola pandemia.

I – ORZAMENTO DE GASTOS

I.1– ANÁLISE DAS VARIACIÓNS

CADRO DE VARIACIÓNS 2021-2022, ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	Ano 2022	Coeficiente	Ano 2021	VARIACIÓN +/-
I.- Gastos de persoal	6.236.050,95	0,209	5.411.286,99	824.763,96
II.- Compra de bens correntes e servizos	9.066.446,48	0,304	8.813.777,56	252.668,92
III.- Gastos financeiros	50.910,00	0,002	5.300,00	45.610,00
IV.-Transferencias correntes	1.524.140,00	0,051	1.177.587,20	346.552,80
V.-Fondo de continxencia	50.000,00	0,002	115.000,00	-65.000,00
TOTAL CORRENTE	16.927.547,43	0,567	15.522.951,75	1.404.595,68



VI.- Inverstimentos reais	12.819.763,75	0,429	3.762.717,52	9.057.046,23
VII.-Transferencias de capital	3.000,00	0,000	3.000,00	-00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	12.822.763,75	0,429	3.765.717,52	9.057.046,23
VIII.-Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
IX.- Pasivos financeiros	120.708,00	0,004	120.708,00	0,00
TOTAL FINANCEIROS	120.708,00	0,004	120.708,00	0,00
TOTAIS	29.871.019,18	1	19.409.377,27	10.461.641,91

II – ORZAMENTO DE INGRESOS

II.1– ANÁLISE DAS VARIACIÓNS

CADRO DE VARIACIÓNS 2021-2022, ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	Ano 2022	Coefficiente	Ano 2021	VARIACIÓN +/-
I.- Impostos directos	5.258.243,28	0,176	5.390.428,24	-132.184,96
II.- Impostos indirectos	1.000,00	0,000	188.000,00	-187.000,00
III.- Taxas e outros ingresos	3.508.545,84	0,117	3.529.520,00	-20.974,16
IV.-Transferencias correntes	8.324.466,31	0,279	6.540.066,51	1.784.399,80
V.- Ingresos patrimoniais	55.000,00	0,002	62.645,00	-7.645,00
TOTAL CORRENTE	17.147.255,43	0,57	15.710.659,75	1.436.595,68
VI.- Alleamento de inverstimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00
VII.-Transferencias de capital	5.815.751,93	0,19	2.277.673,01	3.538.078,92
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	5.815.751,93	0,19	2277673,01	3.538.078,92
VIII.- Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
IX.- Pasivos financeiros	6.908.011,82	0,23	1.421.044,51	5.486.967,31
TOTAL FINANCEIROS	6.908.011,82	0,23	1.421.044,51	5.486.967,31
TOTAIS	29.871.019,18	1	19.409.377,27	10.461.641,91



III - BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS

Para a avaliación dos ingresos, e tendo en conta o seu carácter de previsións, tivéronse en conta as seguintes bases:

- Os dereitos recadados nos últimos tres exercicios así como os dereitos recoñecidos para os ingresos nos distintos capítulos do orzamento.
- Altas previsibles en tódolos tributos e mellora na xestión dalgún dos impostos.
- As previsións contidas no proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2022.
- Subvencións a recibir polo Concello de Lalín.
- A situación económica actual.

IV- OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS

Prevese a concertación de operacións de endebedamento para o 2022 por importe total de 6.908.011,82 € para o financiamento de investimentos detallados no Anexo de Investimentos do Orzamento para o 2022.

V- AFORRO NETO

Os recursos ordinarios previstos no estado de Ingresos cubren non só os gastos correntes, senon que xeneran un aforro orzamentario suficiente para financiar a amortización da débeda e para financiar parte dos investimentos, dacordo co seguinte detalle:

- Ingresos correntes.	17.147.255,43 €
-Gastos correntes (excluídos intereses).....	16.926.347,43 €
- Anualidade teórica de amortización e intereses.....	121.908,00 €
- Aforro neto.....	99.000,00 €

VI- SUFICIENCIA DE CRÉDITOS

Os créditos incluídos no estado de gastos son suficientes para dar cumprimento ás obrigas esixibles e para permitir o normal desenvolvemento dos servizos que presta o Concello; tivéronse en conta a situación económica actual, o previsible incremento do custo da vida, así coma os compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2022.

VII- NIVELACIÓN PRESUPUESTARIA

O proxecto do Orzamento para o exercicio 2022 preséntase nivelado tanto dende o punto de vista formal como dende unha análise da correlación entre ingresos e gastos, en cumprimento do previsto no artigo 165.4 do RD 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal cada un dos Presupostos



que integran o Orzamento Xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, así como en cumprimento do disposto no artigo 11.4 Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

O Alcalde,
José Crespo Iglesias

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Expediente nº: 3840/2021

Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, da Regra de Gasto e da débeda pública

Procedemento: Aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2022

Natureza do documento: Borrador Provisional Definitivo

INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DO GASTO E DA DÉBEDA PÚBLICA

D^a Susana Souto López, Interventora xeral do Concello de Lalín, con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2022 e en cumprimento do previsto no artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, e de conformidade co establecido o artigo 4.1.b).6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita do Congreso dos Deputados a apreciación de que España está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestos casos superar límites de déficit estrutural e de volumen de débeda pública.

Coa suspensión das regras fiscais acordada polo Pleno do Congreso dos



Deputados, quedan suspendidos no 2020 e 2021 os obxetivos de estabilidade e deuda, así como regra de gasto, co que podrán facer uso dos seus remanentes de tesorería sen incurrir en incumprimentos e quedando por tanto superados os posibles Plans económico financeiros.

Indicar que o luns 13 de setembro, en reunión do Congreso dos Deputados, produciuse o debate relativo á apreciación pola Cámara da previsión contida nos artigos 135.4 da Constitución Española e 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e finalmente, segundo nota de prensa, **aprobase por ampla maioría que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2022.**

Neste sentido, seguiuuse o mesmo trámite que en 2020 produciuse para suspender as regras fiscais nacionais. E é que o pasado 2 de xuño, a Comisión Europea presentou o chamado paquete de primavera do Semestre Europeo, que se centraba en proporcionar orientación orzamentaria aos Estados membros mentres continúa o proceso de reapertura gradual das súas economías tras o impacto da pandemia por COVID-19. Esta orientación tiña por obxecto axudar aos Estados membros a reforzar a súa recuperación económica facendo o mellor uso posible do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Sobre a base das previsións económicas nese momento, a Comisión determinou que a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento seguirá aplicándose en 2022 (tras a súa activación en 2020 e 2021). A nivel nacional, na mesma liña coa decisión europea, o Goberno anunciou o 27 de xullo que ía solicitar de novo ao Congreso dos Deputados que apreciase se en España concorren as circunstancias extraordinarias previstas nos artigos mencionados, co obxectivo de prorrogar a suspensión das regras fiscais.

Lembremos que o artigo 135.4 da Constitución, dispón que «*Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública só poderán superarse en caso de catástrofes naturais, recesión económica ou **situacións de emerxencia** extraordinaria*

L

K

M

2



Cod. Validación: 6PAKGETCKXQSQPHHDATAEAF2K7 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 16

que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.»

E na mesma liña, o artigo 11.3 da lei orgánica de estabilidade orzamentaria contempla a posibilidade que, excepcionalmente, o Estado e as Comunidades Autónomas poidan incurrir en déficit estrutural en caso de catástrofes naturais, recesión económica grave ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control das Administracións Públicas e prexudiquen considerablemente a súa situación financeira ou a súa sustentabilidade económica ou social, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.

Por tanto, **quedan suspendidas as regras fiscais para o exercicio 2022 aínda que, no entanto, de cara á elaboración dos orzamentos para o próximo ano**, a Ministra de Facenda María Jesús Montero indicou que dita suspensión non implica que se abandone o compromiso coa consolidación fiscal, **polo que o Goberno fixou unha taxa de déficit de referencia do 5% para 2022 que sirva como orientación calculando a seguinte distribución:**

- 3,9% déficit de referencia aproximado correspondente á Administración Central
- 0,6% déficit de referencia aproximado correspondente ás Comunidades Autónomas
- 0,5% déficit de referencia aproximado correspondente á Seguridade Social
- 0,0% déficit de referencia aproximado correspondente ás Entidades Locais

Non obstante, como vemos dicindo a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo nin do resto da normativa hacendística, todas continúan en vigor, nin do principio de prudencia financeira.



PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

E de igual maneira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

A pesar de que os obxectivos de estabilidade, débeda pública e a regra de gasto, aprobados polo Goberno o 11 de febreiro de 2020 son inaplicables por estar aprobada a súa suspensión, aos Orzamentos das Entidades Locais séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a súa normativa de desenvolvemento e por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Isto é debido a que lles é de aplicación o apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 con carácter independente e incorporárase aos



Cod. Validación: 6PAKGETCKXQSPHHDATEAF2K7 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 16

previstos nos artigos 168.4 e 191.3do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, referidos respectivamente, á aprobación do orzamento xeral e á súa liquidación.

O devandito cálculo, que se realizará a efectos informativos, non fornecerá ningún efecto durante os exercicios 2020, 2021 e 2022 por estar o obxectivo de estabilidade orzamentaria suspendido.

Igualmente seralles de aplicación aos Orzamentos das Entidades Locais o principio de sustentabilidade financeira, pois a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar á prudencia na xestión financeira, sendo plenamente aplicable o principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira.

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

SEGUNDO. Lexislación aplicable:

- Constitución Española de 1978.
- Os artigos 3, 11, 12, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Os artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Cod. Validación: 6PAKGETCKXQSQPHHDATEAF2K7 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 16

- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Real Decreto Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante.
- Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Manual de Cálculo do Déficit Público, adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.
- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).
- Bases de execución do Orzamento.

TERCEIRO. O artigo 16 apartado 1 *in fine* e apartado 2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, establece que, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o



cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitírase con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No caso de que o resultado da avaliación do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria ou da Regra do Gasto sexa incumprimento, a Entidade Local formulará un Plan Económico-financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos citados obxectivos.

CUARTO. Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

De acordo coa LOEPSF o obxectivo de estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10). Así, o seu artigo 11.4 sinala que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

- CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO.

O cálculo da variable capacidade ou necesidade de financiamento no marco das Entidades Locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.



O proxecto do orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2022:

- Capítulos 1 a 7 de ingresos: **22.963.007,36** euros.
- Capítulos 1 a 7 de gastos: **29.750.311,18** euros.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, é necesario a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria desta entidade aos criterios establecidos no SEC-10. Seguindo o disposto no «*Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais*» e na «*Nota sobre os cambios metodolóxicos de aplicación do novo SEC 2010 que afectan as Contas das Administracións Públicas*» editado pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), pódense facer diferentes axustes segundo proceda.

L

K

M

8



ORZAMENTO DE INGRESOS		CONCELLO
+	Capítulo 1: Imposto Directos	5.258.243,28
+	Capítulo 2: Imposto Indirectos	1.000
+	Capítulo 3: Taxas e outros ingresos	3.508.545,84
+	Capítulo 4: Transferencias correntes	8.324.466,31
+	Capítulo 5: Ingresos patrimoniais	55.000,00
+	Capítulo 6: Alleamento de investimentos	0,00
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	5.815.751,93
=	A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	22.963.007,36

ORZAMENTO DE GASTOS		CONCELLO
+	Capítulo 1: Gastos de persoal	6.236.050,95
+	Capítulo 2: Compra de bens e servizos	9.066.446,48
+	Capítulo 3: Gastos financeiros	50.910,00
+	Capítulo 4: Transferencias correntes	1.524.140,00
+	Capítulo 5: Fondo de Continxencia	50.000,00
+	Capítulo 6: Investimentos reais	12.819.763,75
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	3.000,00
=	B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	29.750.311,18
=	A - B = C) ESTABILIDADE/ NON ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	-6.787.303,82

Con carácter previo á realización dos axustes SEC 10 a capacidade de financiación do Concello para o exercicio 2022 é de **-6.787.303,82 euros**.

Aínda que sempre se entendeu que o orzamento estaba equilibrado se a suma do total dos créditos do estado de gastos era igual á suma do total das previsións do estado de ingresos, coa entrada en vigor da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria (na actualidade LOEOSF) o cómputo debe realizarse en termos de capacidade de financiamento definida consonte o SEC-2010.

Non proceden os axustes que se sinalan na liquidación do orzamento considerando que este axustes xurden exclusivamente do resultado da liquidación do orzamento, pero xa pode detectarse que inicialmente o orzamento presenta



Cod. Validación: 6PAKGETCKXQSPHHDATEAF2K7 | Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 16

inestabilidade orzamentaria inicial.

O incumprimento é debido á previsión de préstamos polo importe de 6.908.011,82€ do capítulo 9 de pasivos financeiros. Agora ben, esta previsión de inestabilidade inicial non ten que materializarse na liquidación orzamentaria na cantidade sinalada, senón que dependerá do importe no que se adxudiquen as obras que se financian co préstamo e da capacidade de xestión da Corporación de todas as previsións marcadas no orzamento vixente.

A mera previsión non supón automaticamente un incumprimento da estabilidade orzamentaria de cara a futura liquidación do exercicio 2021, ao depender das obrigas do capítulo 6 que veñan financiadas con ingresos financeiros (Capítulos 8 Remanente de Tesourería ou Capítulo 9-Préstamos).

QUINTO. Cumprimento da Regra do Gasto.

A regra de gasto calcularase comprobando que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade, de acordo coa metodoloxía utilizada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa. Esta taxa publicárase no informe de situación da economía española.

Hai que destacar que a modificación da Orde 2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF, realizada mediante a Orde 2082/2014, de 7 de novembro, concretamente a modificación dos artigos 15.3 c) e 16.4, supón que non é preceptivo o informe do interventor local sobre o cumprimento da regra do gasto en fase de elaboración a partir do orzamento do exercicio 2016, estando só previsto como informe en fase de liquidación do mesmo.

Non obstante, unha vez feita a liquidación do orzamento de 2021, esta Intervención entende necesario realizar un estrito control da execución orzamentaria



Cod. Validación: 6PAKGETCKXQGP-HHDATAEAF2K7 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 16

do exercicio 2022, aos efectos de garantir o cumprimento do obxectivo da regra do gasto, efectuando eventuais axustes correctores.

SEXTO. Cálculo da Sustentabilidade Financeira.

A Disposición Adicional decimocuarta do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira para a Corrección do Déficit Público, que foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, co seguinte texto:

“Con efectos de la entrada en vigor de esta Ley y vigencia indefinida, la disposición adicional decimocuarta del Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, queda redactada como sigue:

«Las Entidades Locales y sus entidades dependientes clasificadas en el sector Administraciones Públicas, de acuerdo con la definición y delimitación del Sistema Europeo de Cuentas, que liquiden el ejercicio inmediato anterior con ahorro neto positivo, calculado en la forma que establece el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, cuando el volumen total del capital vivo no exceda del 75 por ciento de los ingresos corrientes liquidados o devengados según las cifras deducidas de los estados contables consolidados, con sujeción, en su caso, al Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y a la Normativa de Estabilidad Presupuestaria.

Las Entidades Locales que tengan un volumen de endeudamiento que, excediendo al citado en el párrafo anterior, no supere al establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real



Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar operaciones de endeudamiento previa autorización del órgano competente que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales.

Las entidades que presenten ahorro neto negativo o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo.

Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado>>”

En base a dita normativa, as Entidades Locais requirirán autorización preceptiva para a formalización das operacións de endebedamento nos seguintes casos:

Requirirá da autorización preceptiva do órgano que exerza a Tutela Financieira (Estado ou CCAA) a formalización de operacións de endebedamento a longo prazo para aquelas entidades locais que teñan un volume de endebedamento que, excedendo ao citado no párrafo anterior, non supere ó establecido no artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán concertar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuida a tutela financeira das



entidades locais". En todo caso, será requisito ter aforro neto positivo.

Dito doutro xeito, as entidades locais non requirirán autorización preceptiva e farán uso da súa autonomía para apelar ó crédito cando concurran os seguintes supostos:

1. Ter liquidado o exercicio inmediato anterior, nos términos do artigo 53.1 do TRLRFL, con aforro neto positivo, calculado conforme ó establecido na Disposición Final 31ª da LPXE 2013.
2. Que o nivel de débeda viva en términos consolidados non supere o 75 % dos recursos correntes calculados conforme ó establecido na Disposición Final 31ª da LPXE 2013.
3. Destinar os recursos financeiros obtidos ó financiamento de operacións de investimento dacordo co establecido na DF 31ª da LPXE 2013.

E non poderán acudir ó crédito a longo prazo as entidades que se atopen nalgunha destas situacións independentemente do seu réxime de autorización, salvo que unha norma excepcional así o autorice: - Ter Aforro Neto negativo, tanto en liquidación definitiva do orzamento como en previsión da operación proxectada.

- Ter un endebedamento superior ó 110 % dos recursos correntes, tanto en liquidación como en previsión da operación proxectada, todo elo nos términos da DF 31ª da Lei 17/2012,
- EELL con plan de Saneamento vixente en virtude do RDL 5/2009, que tiveran liquidado o exercicio inmediato anterior con RLTX negativo. (Artigo 9.2 RDL 5/2009).
- EELL con operacións financeiras vixentes en virtude do RDL 8/2011, que tiveran liquidado o exercicio inmediato anterior con RLTX negativo. (Artigo 11 RDL 8/2011).
- EELL con operacións financeiras vixentes en virtude do RDL 4/2012, que tiveran liquidado o exercicio inmediato anterior con RLTX negativo. (Artigo 10.4



RDL 4/2012).

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

A efectos de determinar o límite de endebedamento, o total da débeda viva a efectos do réxime de autorización detállase en:

- Débeda a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo, incluída a débeda a curto prazo e a débeda a longo prazo, desagregando entre: emisións de débeda, operacións con entidades de crédito, factoring sen recurso, débedas con administracións Públicas (FFEL), arrendamento financeiro, asociacións público-privadas, pagos aprazados con operacións con terceiros e outras operacións de crédito.
- Risco deducido de Avais
- Operacións formalizadas dispoñibles non dispostas
- Débeda con Administracións públicas distinta á incluída no FFEL
- Importe de operacións proxectadas ou formalizadas
- Outras débedas

O devandito cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación e aparece recollida no documento anexo estado da deuda do expediente de tramitación do proxecto do orzamento do Concello de Lalín.

L

K

M

14

G



Cod. Validación: 6PAKGETCKXQSQP-HHDA TEAF2K7 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 16

O cálculo da débeda financeira igualmente realizarase a efectos informativos, e non fornecerá ningún efecto durante este período, máis aló de coñecer os límites establecidos na normativa hacendística para concertar novas operacións de endebedamento a longo prazo.

En definitiva, no ano 2022 tense previsto concertar operacións de crédito a longo prazo segundo anexo de inversión do presente orzamento.

No estado da débeda presentado xunto co orzamento e segundo os datos que se comunicaron a esta Intervención xeral e dos referidos á débeda viva en 2021, tendo en conta os ingresos correntes liquidados no orzamento de 2020, a situación é a seguinte:

Ingresos liquidados Orzamento 2020 (cap 1 a 5).....	14.593.758,55
Límite: 75% ingresos correntes.....	10.945.318,91
Límite: 110% ingresos correntes.....	16.053.134,41
Saldo débeda financeira a 31/12/2021.....	724.248,00
Porcentaxe débedas/ ingresos correntes.....	4,96%

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLHL, e por debaixo do límite que estableceu o Real Decreto Lei 8/2010, modificado polo Real Decreto Lei 20/2011 e que foi dotada de vixencia indefinida pola Disposición Final 31ª de la Lei 17/2012, do 27 de decembro, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2013, do 75% dos ingresos correntes.

Neste senso podemos facer a seguinte observación, en base ao estado de débeda presentado pola Tesourería municipal fai referencia aos créditos iniciais do orzamento do ano 2022, para a posibilidade de concertación de créditos onde se debe de ter en conta todas operacións de Tesourería, incluídas a que están sin dispoñer (como é o caso das dúas que agora mesmo constan sin dispoñer polo periodo de carendia de ata 24 meses). Para o cálculo do presente informe tense en conta os datos liquidados dos ingresos correntes e o saldo da débeda que resulta a data 31 de decembro de 2021,



como se reflexa no cadro resumo do informe da Tesourería municipal.

CONCLUSIÓN

A.- O proxecto de orzamento do exercicio 2022 do Concello de Lalín en termos consolidados non se axustaría ao principio de estabilidade orzamentaria, producíndose unha situación de desequilibrio ou de déficit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Deste informe darase conta ao Pleno da Corporación e traslado ao órgano da Administración autonómica que exerce a tutela financeira segundo o previsto no art. 22.2 RD 1463/2007 polo que aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

B. - Resultado da avaliación: cumpre co obxectivo de límite de deuda.

Este é o informe que en cumprimento do imperativo legal se emite, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito.

A Interventora xeral

Susana Souto López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 6PAKGETCKXQ5QP+HDATAEAF2K7 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 16

ESTADO DE PREVISIÓN DE MOVIMIENTOS Y SITUACIÓN DE LA DEUDA EN EXPEDIENTE SOBRE APROBACIÓN DE PRESUPUESTO GENERAL MUNICIPAL PARA EL AÑO 2022

De acuerdo con la documentación aportada al expediente 3840/2021, el presupuesto para el año 2022 tiene consignado en su Estado de Gastos, en los Capítulos 3 (Gastos financieros) y 9 (Pasivos financieros), los siguientes importes:

GASTOS (vinculados sólo a operaciones de crédito) :

'Intereses 319,12 euros
913 'Amortización de Préstamos' 120.708 euros

Total 121.027,12 euros

La Deuda Viva total estimada a 1/1/2022 ascenderá a 2.145.292,51 euros de acuerdo con respuesta a consulta a la Subdirección General de Gestión Presupuestaria y Financiera de las Entidades locales del Ministerio de Hacienda y Función Pública, sobre el cálculo de la deuda viva .

Deuda Viva que a 31 de diciembre del mismo año se estima que ascienda a 8.932.596,33 € , lo que representará el 52 % de los ingresos municipales corrientes previstos no consolidados del Presupuesto para el año 2022 .

Este porcentaje para la Deuda Viva a 1/1/2022 es del 12,51%, tomando como referencia las previsiones iniciales de ingresos del Presupuesto 2022 .

El artículo 53.2 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL), texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, regula un indicador legal para la deuda, estableciendo un límite para el capital vivo total que se fija en el 110 por 100 **de los ingresos corrientes liquidados o devengados deducidos de los estados consolidados**. Por encima de este límite el concierto de nuevas operaciones de endeudamiento a largo plazo requiere autorización del Ministerio de Hacienda u órgano competente de la Comunidad Autónoma.

AYUNTAMIENTO DE LALÍN



1. ENTIDAD FINANCIERA: Banco de Sabadell

Nº Contrato 807679247059

Finalización del contrato el 31 de diciembre de 2027

Capital Inicial 965.664 euros

Tipo de Interés 0.0470 variable

Deuda Viva a 1/01/2022 724.248 euros

Cuotas Trimestrales de amortización e intereses del año 2022:
121.027,12 euros

Intereses 2022 (año) 319,12 euros

Amortización 2022 (año) 120.708 euros

Deuda Viva a 31/12/2022 603.540 euros

2. ENTIDAD FINANCIERA: CAIXA RURAL GALEGA

Nº Contrato 3070 0036 77 6284616551

Fecha 19/ 04/ 2021

Duración: 10 años

Capital Inicial 828.537,96 euros

Tipo de Interés Euribor ANUAL + 0,5 variable

Deuda Viva a 1/01/2022 828.537,96 euros

Carencia de 24 meses

3. ENTIDAD FINANCIERA: CAIXA RURAL GALEGA

Nº Contrato 3070 0036 77 6284616551



Fecha 19/ 04/ 2021

Duración: 10 años

Capital Inicial 592.506,55 euros

Tipo de Interés Euribor ANUAL + 0,5 variable

Deuda Viva a 1/01/2022 592.506,55 euros

Carencia de 24 meses

4. Operaciones de crédito previstas en el año 2022:

Importe previsto en el Presupuesto : 6.908.011,82 €

Se hace la estimación de esas nuevas operaciones de crédito con carencia en amortización y no disponibilidad en el año 2022.

RESUMEN

	CAPITAL VIVO		AMORTIZACIÓN	INTERESES
	1 ENERO	31 DICIEMBRE		
	2.145.292,51 €	8.932.596,33 €	120.708	319,12
Total	2.145.292,51	8.932.596,33 €	120.708	319,12

PATRONATO CULTURAL DE LALIN

Sin deuda

Lalín ,

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE



Expediente nº: 3840/2021

Informe de Intervención

Procedemento: Aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2022

Natureza do documento: [] Borrador [] Provisional [x] Definitivo

INFORME DE INTERVENCIÓN

D^a Susana Souto López, Interventora xeral do Concello de Lalín, en relación co expediente para aprobación do Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2022 regulado no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; á vista da Memoria e o Informe Económico-financeiro suscrito ao efecto, emito o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

Con carácter previo á emisión do mesmo, convén sinalar que a análise realízase baixo criterios de mínimos tendo en conta a data de remisión do documento completo e a de emisión do presente informe. E por elo que o obxecto do presente informe non pode senón centrarse na verificación do cumprimento das cuestións de orde formal e procedemental, sen perxucio das consideracións que ao longo do mesmo se realicen.



PRIMEIRO. O artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo define aos Orzamentos Xerais das Entidades locais, establecendo que constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigación que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade local correspondente.

Pola súa banda, o artigo 112 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local recolle que as entidades locais aproban anualmente devandito orzamento único.

Así as cousas, o Orzamento Xeral dunha Entidade local coincidirá co ano natural e estará integrado polo da propia entidade e os de todos os organismos e empresas locais con personalidade xurídica propia dependentes daquela.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

A) Lexislación específica local:

- Os artigos 22.2 e) e o artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Os artigos 162 ao 171 e 193.bis do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei Reguladora das Facendas Locais.

L

K

M

2
G



— A Regra 32 da Orde EHA/4040/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Básico de Contabilidade Local.

— Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local derogada por Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).

— O Real decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

— O Real decreto-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

B) Lexislación básica e/ou supletoria do Estado:

— A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

— O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

L

K

M

3



Cod. Validación: 3DRAKZS6DXA2LAC5GF4WWKMP3 | Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 31

— A Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— O Real Decreto-lei 3/2016, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas no ámbito tributario dirixidas á consolidación das finanzas públicas e outras medidas urxentes en materia social.

— Lei 47/2003 , do 26 de novembro , Xeral Orzamentaria.

— Lei 58/2003 , do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

— Lei 38/2003, do 17 de novembro , Xeral de Subvencións.

— Lei de Orzamentos xerais do Estado vixente.

— Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

— Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit.

C) Normativa propia da Entidade local:

— Ordenanzas fiscais e prezos públicos do Concello de Lalín.

— Bases de execución orzamentarias.

TERCEIRO. De conformidade co disposto nos artigo 164 do TRLRFL e 5 do RD 500/1990, o proxecto do orzamento do Concello de Lalín para o exercicio económico de 2022, formado polo Presidente da entidade, queda integrado por:

- O Orzamento da propia entidade, o cal ascende ás seguintes cantidades:
 - Estado de gastos: **29.871.019,18 euros**
 - Estado de ingresos: **29.871.019,18 euros**
- O dos Organismos Autónomos dependentes do mesmo, sendo os seus respectivos importes os que a continuación se detallan: O Padroado Cultural do Concello de Lalín, así mesmo equilibrado por un importe de **694.519,72 euros**.

L

K

M

4



Non presentando en consecuencia déficit inicial cumprindo o previsto no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O que supón un incremento total de 10.472.809,79 euros en relación aos créditos iniciais do orzamento 2021.

CUARTO. Conforme ao disposto nos artigos 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao Proxecto de Orzamento Xeral incorpórase a documentación legalmente esixible.

Proxecto de Orzamento do Padroado Cultural:

- Memoria subscrita pola Alcaldía explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co orzamento actualmente en vigor.
- Estado de gastos e estado de ingresos do Orzamento do Padroado Cultural para o exercicio 2022.
- Liquidación do Orzamento do exercicio económico 2020 .
- Avance-Estado da liquidación do exercicio 2021, referida a lo menos, a seis meses do mesmo.
- Anexo de persoal do Padroado Cultural, no que se relacionen e valoren os postos de traballo existentes na mesma, de forma que se dea a oportuna correlación cos créditos para persoal incluídos no orzamento. O Padroado non conta cunha Relación de Posto de Traballo, pero si cun catálogo de postos do 8 de novembro de 2019.
- Anexo de investimentos a realizar no exercicio, se has hoobese.
- Anexo do Estado da Débeda¹ referida a 31 de decembro de 2021. Non procede.

1 Non ten débeda por operacións de crédito.

L

K

M

5



- Informe económico-financiero, en que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e a nivelación do Orzamento.
- Bases de Execución² do orzamento para o exercicio 2022: base 1.
- Anexo de subvencións nominativas a conceder no exercicio. Non procede³

O orzamento Xeral da Entidade Local formado polo Sr. Alcalde-Presidente, ao que se une a seguinte documentación:

- Memoria suscrita pola Alcaldía explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co orzamento actualmente en vigor.
- Estado de gastos e estado de ingresos do Orzamento Xeral para o exercicio 2022.
- Liquidación do Orzamento do exercicio económico 2020 e avance da liquidación do exercicio 2021, referida a lo menos, a seis meses do mesmo.
- Anexo de persoal da Entidade Local, no que se relacionen e valoren os postos de traballo existentes na mesma, de forma que se dea a oportuna correlación cos créditos para persoal incluídos no orzamento.
- Anexo de investimentos a realizar no exercicio 2022.
- Anexo de beneficios fiscais⁴.
- Anexo do Estado da Débeda a 31 de decembro de 2021.
- Anexo de subvencións nominativas a conceder no exercicio 2022.

2 Son as mesmas bases de execución que as vixentes para o Concello de Lalín.

3 Non se prevén iste tipo de subvencións polo Patronato.

4 A información facilitada no anexo de beneficios fiscais é unha información que debe facilitar a entidade xestora da recadación municipal, non tendo á mesma información a Intervención municipal. Os datos incluídos no anexo deberíanse cumprimentar coa información facilitada polo ORAL, na medida do posible.

L

K

M

6



- Informe económico-financiero, en que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e a nivelación do Orzamento.
- Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2022.
- Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, da Regra de Gasto e da Débeda Pública.

QUINTO. O proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2022 que se deberá someter á consideración do Pleno da Corporación, está estruturado e adaptado ao previsto na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Así, os estados de ingresos do Orzamento que ascende a **29.871.019,18 euros**, confeccionáronse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo 167 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Do mesmo xeito, os estados de gastos que ascenden a **29.871.019,18 euros** atenden ao disposto no artigo 167 TRLRHL e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

A aplicación orzamentaria definiuse, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupos de programas e concepto, respectivamente.

L

K

M

7



Así mesmo e de conformidade co disposto nas bases de execución do Orzamento, nos créditos do estado de gastos e respecto da Clasificación por Programas, o nivel de vinculación xurídica é, como mínimo, a nivel de Área de Gasto, e respecto da Clasificación económica é, como mínimo, o do Capítulo, cumprindo o previsto no artigo o artigo 29 do Real Decreto 500/1990 para os niveis de vinculación.

SEXTO. O proxecto que se somete a informe desta Intervención antes de que a Presidencia eleve á consideración do Pleno da Corporación presenta o seguinte contido a nivel Capítulos:


-Orzamento de Ingresos: 29.871.019,18 euros

-Orzamento de Gastos: 29.871.019,18 euros

DIFERENCIA (Equilibrado)

Consta no expediente remitido a esta Intervención Informe económico-financieiro de data 12 de novembro de 2021, onde se enuncian as bases utilizadas pola Presidencia para a avaliación das previsións orzamentarias de ingresos, enunciándose a suficiencia dos créditos para gastos en relación ó cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servicios, e en consecuencia, a efectiva nivelación orzamentaria.

SÉTIMO. Cumprimento da legalidade vixente. Cada un dos Orzamentos que integran o Orzamento Xeral deberá presentarse sen déficit inicial, nivelados nos seus Estados de Ingresos e Gastos.



8 



Cod. Validación: 3DRAKZS6DXA2LAC5GF4WVKMP3 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 31

INGRESOS

CADRO DE VARIACIÓN 2021-2022, ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	Ano 2022	Coefficiente	Ano 2021	VARIACIÓN +/-
I.- Impostos directos	5.258.243,28	0,176	5.390.428,24	-132.184,96
II.- Impostos indirectos	1.000,00	0,000	188.000,00	-187.000,00
III.- Taxas e outros ingresos	3.508.545,84	0,117	3.529.520,00	-20.974,16
IV.-Transferencias correntes	8.324.466,31	0,279	6.540.066,51	1.784.399,80
V.- Ingresos patrimoniais	55.000,00	0,002	62.645,00	-7.645,00
TOTAL CORRENTE	17.147.255,43	0,57	15.710.659,75	1.436.595,68
VI.- Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00
VII.-Transferencias de capital	5.815.751,93	0,19	2.277.673,01	3.538.078,92
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	5.815.751,93	0,19	2277673,01	3.538.078,92
VIII.- Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
IX.- Pasivos financeiros	6.908.011,82	0,23	1.421.044,51	5.486.967,31
TOTAL FINANCEIROS	6.908.011,82	0,23	1.421.044,51	5.486.967,31
TOTAIS	29.871.019,18	1	19.409.377,27	10.461.641,91

Segundo o artigo 165.1 TRLRFL o orzamento atenderá ao cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria e en canto aos ingresos recollerá as previsións (**estimacións**) dos recursos que se prevén liquidar durante o exercicio económico. O principio de prudencia aconsella a realización dunha estimación dos ingresos o máis axustada posible á realidade da execución orzamentaria que amosen as últimas liquidacións efectuadas, pois no caso de que non se chegaran a realizar dun modo efectivo tales previsións e as partidas de gastos se realizaran efectivamente,



provocaríase un déficit estrutural.

É tómase tamén en conta o Proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2022, así como as previsibles altas en todo os tributos e mellora na xestión dalgún dos impostos e as previsións das subvencións recorrentes a recibir polo Concello.

O Proxecto de Orzamento do Concello para o exercicio 2022 presentado a informe desta Intervención, tendo en conta as bases utilizadas na avaliación das previsións orzamentarias de ingreso contempladas pola Alcaldía tomando como referencia os dereitos recoñecidos para os ingresos dos diferentes capítulos dos tres últimos exercicios así como a situación económica actual, parece garantir o principio de nivelación orzamentaria efectiva, derivándose do análise económico-financieiro efectuado.

CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS (IBI, IAE E IVTM)

Por estes conceptos o proxecto de orzamentos contempla unha previsión de ingresos de 5.258.243,28 euros.

A previsión que se recolle, seguindo un criterio de prudencia, é inferior á realizada para o exercicio 2021 nun coeficiente de 0,176 %, tendo en conta o recadado nos anteriores exercicios e atendendo a unha previsión inicial de menores aportacións nalgúns ingresos, segundo avance de execución do exercicio corrente. Neste senso prodúcese unha serie de modificacións e derogacións de ordenanzas municipais que entraran en vigor no próximo exercicio orzamentario e que afectan aos ingresos municipais do Capítulo 1.

CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS

Por estes conceptos contéplase previsión de ingresos pola contía de 1.000 euros.

Neste apartado diminúe sustancialmente a aportación respecto ao exercicio 2021, nel inclúense os dereitos a liquidar polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras cúa ordenanza queda derogara para o vindeiro exercicio orzamentario.

L

K

M

10
G



CAPÍTULO III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Contémplase neste Capítulo unha previsión de recadación de 3.508.545,84 euros, sendo tamén lixeiramente inferior á do último orzamento, nun coeficiente do 0,117.

Recórdase a obriga de poñer os medios materiais precisos para a efectividade destes recursos, e supervisar de xeito constante a execución do orzamento de ingresos para a garantía da realidade destas previsións.

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES

Contémplase un importe de 8.324.466,31 euros, cun coeficiente de subida do 0,279%, segundo se explica no informe económico-financieiro engádense subvencións que se perciben de xeito repetitivo, así como os importes derivados da participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma.

O incremento nas previsións de ingresos obedece á actualización das previsións á realidade actual e pola regularización do incremento do 13% que supón a liquidación negativa de 2020 e do SII-IVA por parte do Ministerio de Facenda e Función Pública que aportará recuso extra nos tributos do Estado e un aumento adicional aproximado do 20 % da dotación do Fondo de Cooperación Local, segundo avance da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Por estes conceptos contémplase unha previsión de ingresos de 55.000 euros, moi similar á cuantía do último orzamento aprobado.

CAPÍTULO VI. ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS.

Non se contempla ingreso ningún por este concepto.

L

K

M

11

Q



Cod. Validación: 3DRAKZS6DXA2LAC5GF4WVKMP3 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 31

CAPÍTULO VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Segundo se indica no informe económico-financieiro que acompaña ao presente expediente recóllense como previsión de ingresos por este concepto unha contía de 5.815.751,93 de euros, cun incremento de coeficiente do 0,19% respecto ao anterior orzamento.

Correspóndense coa subvención concedida polo IDAE (segundo a previsión de execución no vindeiro exercicio de 2/3 do investimento), ao Proxecto de Renovación Total do Alumeado Público, financiado polo IDAE no marco do Programa Operativo FEDER 2014-2020 ou a ampliación do Cemiterio municipal de A Romea “Fragas do Alén”, polo programa provincial REACPON.

Así mesmo, prevénse transferencias da subvención concedida polo programa europeo DUSI cos diferentes programas que se engloban co remates dos proxectos recollidos para o ano 2022.

CAPÍTULOS VIII E IX ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS

Non se contempla previsión de ingresos de activos financeiros en base ao estado de execución do último orzamento.

Pero recóllese a previsión dunha operación de endebedamento para o financiamento da achega municipal prevista para o 2022 de varios proxectos de investimento, por importe total de 6.908.011,82€, que se pode ver con detalle no Anexo de investimentos para o exercicio 2022, onde se contempla cada un dos investimentos que se pretenden financiar mediante a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo.

En canto aos ingresos, tendo en conta a xustificación recollida no informe económico-financieiro así como o contido da memoria, e en aplicación do principio de prudencia respecto das consecuencias económico-financieiras que puideran derivarse da cobertura de gastos con cargo a ingresos previsibles que posteriormente non



reflexasen a execución orzamentaria prevista, esta Intervención considera que sería convinte prestar atención á súa execución para que, no caso de que as condicións se modificasen ao longo do exercicio e os condicionantes sinalados non se cumprisen, puideran realizarse revisións correctoras á baixa. En caso contrario admitiríase a realización de gastos, correntes e de investimento, financiados en base a estimacións de ingresos correntes que, no caso de non cumprirse as expectativas produciría, sen prexuízo dos resultados orzamentarios derivados doutros conceptos, un resultado de déficit orzamentario. Convén, por tanto, levar cumprida vixancia da execución de ingresos para, no caso de que fose necesario, proceder ás medidas de contención do gasto que resultara procedente. Especialmente ser responsables como Corporación tanto a nivel de estabilidade orzamentaria como de regra de gasto.

De calquera xeito, aínda tendo en conta as consideracións realizadas, esta Intervención recorda que as contías recollidas nos distintos capítulos de ingresos do Proxecto de Orzamento constitúen, segundo o establecido no artigo 162 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ("*...de los derechos que se prevean liquidar durante el correspondiente ejercicio ...*"), meras previsións, susceptibles de control á vista da execución efectiva das mesmas ao longo do exercicio e cuxa valoración e xustificación corresponden aos órganos xestores.

L

K

M

13

Q



GASTOS

CADRO DE VARIACIÓNS 2021-2022, ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	Ano 2022	Coefficiente	Ano 2021	VARIACIÓN +/-
I.- Gastos de persoal	6.236.050,95	0,209	5.411.286,99	824.763,96
II.- Compra de bens correntes e servizos	9.066.446,48	0,304	8.813.777,56	252.668,92
III.- Gastos financeiros	50.910,00	0,002	5.300,00	45.610,00
IV.-Transferencias correntes	1.524.140,00	0,051	1.177.587,20	346.552,80
V.-Fondo de continxencia	50.000,00	0,002	115.000,00	-65.000,00
TOTAL CORRENTE	16.927.547,43	0,567	15.522.951,75	1.404.595,68
VI.- Investimentos reais	12.819.763,75	0,429	3.762.717,52	9.057.046,23
VII.-Transferencias de capital	3.000,00	0,000	3.000,00	-00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	12.822.763,75	0,429	3.765.717,52	9.057.046,23
VIII.-Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
IX.- Pasivos financeiros	120.708,00	0,004	120.708,00	0,00
TOTAL FINANCEIROS	120.708,00	0,004	120.708,00	0,00
TOTAIS	29.871.019,18	1	19.409.377,27	10.461.641,91

CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL

Contémplase uns gastos de persoal de 6.236.050,95 euros que se corresponde cos gastos previstos no Anexos de Persoal que acompañan este orzamento, en base a RPT vixente a ao informe do Xefe de Persoal, o que supón un incremento de 824.763,96 euros con respecto ao anterior orzamento de 2021.



No ano 2022, de aprobarse o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022, que xa pasou os primeiros trámites parlamentarios, as retribucións fixas dos funcionarios e persoal laboral fixo deste Concello serán, en virtude do disposto na redacción actual do citado proxecto de lei:

A) Artículo 19.Dos. No ano 2021, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2021, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo. Os gastos de acción social non poderán incrementarse, en termos globais, respecto aos de 2021. A este respecto, considerase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias persoais do citado persoal ao servizo do sector público.

B) O soldo e os trienios que correspondan ao Grupo ou Subgrupo de clasificación do seu Corpo ou Escala serán as contías reflexadas no artigo **19.Cinco.1** do proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022.

C) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, unha no mes de xuño e outra no mes de decembro, e que se devengarán dacordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 1988. Cada unha de ditas pagas incluírá as contías de soldo e trienios fixadas no artigo **19.Cinco.2** do proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022 e do complemento de destino mensual que se perciba.

L

K

M

15
O



Cod. Validación: 3DRAKZS6DXA2LAC5GF4WVKMP3 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 31

Cando os funcionarios ou persoal laboral fixo prestaran unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

D) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, nas contías establecidas no artigo 23.Un.c), do Proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022.

E) O complemento específico que, no seu caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cuxa contía anual incrementárase na porcentaxe prevista no artigo 19.Dous, respecto da vixente a 31 de decembro de 2021, sen prexuízo do disposto no artigo 19.Sete da presente Lei. O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais das que doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente. As retribucións que, en concepto de complemento de destino e complemento específico, perciban os funcionarios públicos serán, en todo caso, as correspondentes ao posto de traballo que ocupen en virtude dos procedementos de provisión previstos na normativa vixente, sen que as tarefas concretas que se realicen poidan amparar que se incumpra o anterior, con excepción dos supostos en que dita normativa lles recoñeza outras contías e, en todo caso, a garantía do nivel do posto de traballo regulada no artigo 21.2 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, e o dereito a percibir cantidades que correspondan en aplicación do artigo 33.Dous da Lei 31/1990, de 27 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para 1991.

Así mesmo, en virtude do disposto no Artigo 19.Tres do proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022, durante o citado exercicio o Concello de Lalín realizará achegas ao plans de pensións de emprego ou contratos de seguro

L

K

M

16

G



colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, por importe de 15.000€.

No que respecta as retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para os cargos dos membros da corporación desempeñados en réxime de dedicación exclusiva, así como as retribucións do persoal eventual, experimentarán a mesma variación que a fixada polo Proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o 2022, de aprobarse, seguindo o recollido nas Bases de execución para o orzamento municipal do 2022.

O artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local sinala que as Corporacións Locais aprobarán anualmente a masa salarial do persoal laboral do sector público local respectando os límites e condicións que se establecen con carácter básico na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado. O artigo 19 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 continúa a establecer a prohibición de incorporar novo persoal durante o exercicio incluíndo certas excepcións relativas á reposición de efectivos e a persoal temporal. Sinálase tamén que aínda que consta unha Relación de Postos de Traballo (R.P.T) aprobada onde consten os postos de traballo e a valoración de cada un deles, esta é moi antiga e non recolle a totalidade dos postos así como unha valoración real das funcións dos mesmos, ademáis cabe sinalar neste sentido que atópase adxudicado e en fase de realización dos traballos de realización da nova RPT. Para levar a cabo deste xeito, a modificación da Relación de postos de Traballo e axustala á creación das prazas necesarias para regularizar a situación laboral existente co cumprimento das sentencias xudiciais que fan que se teñan que axustar o capítulo 1, así coma dar cobertura ás distintas necesidades de persoal neste Concello.

O resto das modificacións pertinentes recóllese no anexo de persoal, que ven na documentación aparelada a este expediente, así como a relación de postos de traballo incluídos no cadro de Persoal e detallándose todas as retribucións, gardando a debida

correlación cos créditos consignados no Orzamento do Concello para o exercicio 2021.

Con base no exposto, no Capítulo I "Gastos de Persoal", inclúense os créditos necesarios para dar cobertura ás retribucións do ano 2022, polo que existe dotación orzamentaria no citado capítulo para atender dito incremento do 2 por cento, para a súa aplicación no suposto de aprobación da Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022..

De calquera xeito, no Anexo de Persoal relaciónanse tódolos postos de traballo incluídos no Cadro de Persoal, e detallándose tódalas súas retribucións, gardando a debida correlación entre os créditos consignados no Orzamento e a valoración dos postos de traballo.

A maiores do citado incremento do 2 por cento contemplado no Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022, a variación que se pode apreciar na contía total do Capítulo 1, como se pode ver no documento aportado pola Técnico de Intervención e Nóminas, obedece esencialmente as seguintes situacións:

- Previsión de devengo de trienios.
- Dotación de retribucións correspondentes a funcionarios nomeados para a execución de programas temporais.
- Adecuacións retributivas derivadas de resolucións xudiciais e contratación de persoal interino por substitucións de persoal en procesos de I.T.
- Dotacións necesarias para o funcionamento de bolsas de emprego e para facer fronte á achega municipal previsible para a contratación de traballadores desempregados con cargo á Liña 3 do Plan Concellos da Deputación para o vindeiro exercicio.
- Dotación de programas temporais de fomento do emprego financiados na súa maior parte a través de subvencións da Xunta de Galicia, iniciados no ano 2021 e que terán unha continuidade no 2022: "Aprol Rural", "Aquelar II", "Perceptores da RISGA", Programa de emprego de Garantía Xuvenil "Proxecto LALINnova" e Obradoiro de



Emprego “SENDAS”.

Sentado o anterior, o expediente de elaboración do Orzamento no capítulo de Gastos de Persoal para o exercicio 2022 consta dos trámites correctos.

CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

O orzamento recolle o crédito que segundo o informe económico financeiro se entende suficiente para financiar os gastos derivados das obrigas correntes da Corporación ao longo do exercicio corrente.

O incremento na contía deste capítulo que supón 252.668,92 euros máis que no orzamento de 2021, alcanzando un total de 9.066.446,48 de euros, obedece esencialmente á necesidade do Concello de atender ás necesidade de xestión e explotación das diversas instalacións e propiedades, actualizando as contías segundo o resultado da execución do orzamento para 2020 e tendo en conta a evolución do gasto no 2021 en virtude de contratos asinados por este Concello ou servizos que se deben prestar axeitadamente, coma por exemplo o Servizo de Limpeza das diferentes instalacións municipais, que experimenta un incremento significativo como consecuencia de dotar o importe necesario por incremento de horas prevista e necesidades específicas derivadas da situación da Covid-19.

CAPÍTULO III E CAPÍTULO IX GASTOS FINANCIEROS E PASIVOS FINANCIEROS

Consígnase o crédito suficiente para facer fronte as amortizacións e intereses dos préstamos vixentes, así como para atender ó pago das obrigas derivadas, tanto por intereses como por cotas de amortización, das operacións de crédito concertadas por este Concello, de conformidade cos datos que figuran no Anexo de débeda facilitado por Tesourería.

Aquí prodúcese un cambio con respecto ao anterior orzamento, xa que se consigna un total de 50.910,00 euros, supón un pequeno incremento por la concertación de dúas operacións no exercicio 2021, o que supón un coeficiente do 0,002% de diferenza con respecto o anterior orzamento.

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES

Contémplanse un total de 1.524.140,00 euros, para importes correspondentes ás axudas e subvencións que se pretenden conceder durante o exercicio 2022, entre elas subvencións nominativas para a financiación de actividades de interese público, fundamentalmente, co apoio ó labor desenvolvido por entidades sen ánimo de lucro nos eidos social, cultural e deportivo, das subvencións ó fomento e promoción do deporte, das axudas ó emprendemento, entre outros.

Debe indicarse que o artigo 22 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións establece que o procedemento ordinario para a concesións de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva.

CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.

A Orde HAP//419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008. De 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, crea o capítulo 5, cun único artigo e concepto, para imputar ao orzamento gastos de dotación diferenciada en concepto de Fondo de Continxencia, esixida polo artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira.

O proxecto de Orzamento municipal para o 2022 contempla a dotación do Fondo de Continxencia pola contía de 50.000 euros para a atención de necesidades imprevistas, inaprazables e non discrecionais, para as cales non exista crédito orzamentario ou o previsto resulte insuficiente.

CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

Neste Capítulo recóllense as contías correspondentes aos investimentos reais, dotados cun total de 12.819.763,75 euros, financiados con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital, aparecen recollidas e detalladas no Anexo de

L

K

M

20

G



Cod. Validación: 3DRAKZS6DXA2LAC5GF4WVKMP3 | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 31

Inversións que acompaña ao orzamento.

A inversión proxectada aumenta sensiblemente respecto ao anterior orzamento, o que supón un aumento total do 0,429% do total do orzamento municipal do anterior ano, especialmente a aportada por compromisos doutras Administracións, destinados a incrementar o inmovilizado do Concello e o crédito para levar a cabo as actuacións proxectadas.

Podéndose destacar a continuación do investimento que se corresponde co Proxecto de Renovación Total do Alumeado Público, financiado polo IDAE no marco do Programa Operativo FEDER 2014-2020 e a execución das distintas Liñas de Actuación da EDUSI LALÍN SSUMA21, segundo a programación prevista para o 2022.

Tamén a ampliación do Cemiterio municipal de A Romea “Fragas do Alén” ou a rede de sumidoiros, saneamentos e abastecemento de agua potable en núcleos rurais de Lalín. E por suposto o Anexo de inversións que se recolle no orzamento municipal para este exercicio.

O estado de gasto do Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o 2022 contén os créditos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles así como os gastos de funcionamento dos servizos municipais. A estes gastos pode facerse fronte coas previsións incluídas no estado de ingresos conforme ao disposto no artigo 168.1e) do TRLFL.

OITAVO. A modo de resumo económico indicar que a liquidación do orzamento do exercicio 2020 arroxa un Resultado Orzamentario que ascende a 2.487.869,03 euros.

Ademais determinouse para gastos de persoal una previsión de Orzamento que ascende a 6.236.050,95 euros. Sendo o gasto máis importante o Gasto corrente en bens e servizos coa cantidade de 9.066.446,48 euros.



Capítulos 1 a 5 de Ingresos	17.147.255,43
- Capítulos 1 a 5 de Gastos	16.927.547,43
AFORRO BRUTO	+279.708,00
	€
- Anualidade Amortización	120.708,00
AFORRO NETO	+ 99.000,00 €

En canto ao estado de consolidación é necesario facelo, xa que o Concello aproba un Orzamento xeral integrado polo da propia entidade municipal e o do seu Organismo autónomo, o Patronato Cultural. A consolidación consiste na eliminación de operacións internas, que no noso caso veñen constituídas polas transferencias que se realizan dende a Administración xeral municipal a dita entidade. O estado de consolidación aparece entre os documentos do proxecto de orzamento xeral para o 2022.

Hay que sinalar tamén que as Bases de execución do Orzamento, que son de aplicación tanto a Entidade local municipal como ao seu organismo autónomo, presenta unha importante modificación e amplíanse con respecto ao exercicio 2021, en base ao Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local, a Lei de Contratos do Sector Público, e en aras de simplificar a tramitación administrativa tendo en conta principios como o de antiformalismo.



Tamén se estableceu una previsión de investimentos que se concreta en:

Órgano encargado da xestión: CORPORACIÓN Código de identificación	Denominación do Proxecto	Importe anualidade €	Financiamento
22.0.132.62300	Seguridade. Investimento novo asociado ao funcionamento operativo servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios	8.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.132.62900	Seguridade. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos	4.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.135.62900	Protección civil. Outros investimentos novos asociados .func. Servizos	2.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.1532.61930	Pavimentación vías públicas. Reurbanización Rúa Areal	800.000,00	Concello, préstamo
22.0.1532.62900	Pavimentación vías públicas. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento de servizos	5.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.1532.63900	Pavimentación vías públicas. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento de servizos	5.500,00	Concello, recursos xerais
22.0.160.60910	Rede de sumidoiros. Saneamento en núcleos rurais de Lalín	3.130.000,00	Concello, préstamo
22.0.161.60909	Abastecemento domiciliario de auga potable. Abastecemento de augas en núcleos rurais de Lalín	170.000,00	Concello, préstamo
22.0.164.62240	Cemiterios e servizos funerrarios. Ampliación do Cemiterio municipal de A Romea "Fraga do Alén", programa provincial REACPON	1.806.359,09	Subvención Deputación Progra REACPON 1.354.769,32 €

Concello, préstamo

451.589,77 €

22.0.165.62300	Iluminación pública. Inversión novo asociado ao funcionamento operativo servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios	3.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.165.62713	Iluminación Pública. PROXECTO RENOVACIÓN TOTAL ALUMEADO PÚBLICO, subv. IDAE Progr.FEDER 2014-2020	5.592.200,27	Subvención IDAE. 4.460.982,61 € Concello, préstamo 1.131.217,66 €
22.0.165.63300	Iluminación Pública. Inversión de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos en maquinaria, instalacións técnicas e utensilios	2.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.171.62300	Parques e xardíns. Inversión novo asociado ao funcionamento operativo servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios	3.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.2418.62300	Obradoiro de emprego. Inversión novo asociado ao funcionamento operativo servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios obradoiro de emprego "SENDAS"	5.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.2419.62300	Programa de emprego de garantía xuvenil "Proxecto LALINnova". Inversión novo asociado ao funcionamento operativo servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios	1.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.2419.62500	Programa de emprego de garantía xuvenil "Proxecto LALINnova". Inversión novo asociado ao funcionamento operativo servizos. Mobiliario	3.500,00	Concello, recursos xerais
22.0.323.63204	Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primaria. Inversión de reposición en edificios	3.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.323.63500	Funcionamento de centros docentes de ensino prescolar e	3.000,00	Concello, recursos



	primario. Investimento de reposición en mobiliario		xerais
22.0.333.63200	Equipamentos culturais e museos. Investimento de reposición en edificios	2.500,00	Concello, recursos xerais
22.0.337.62300	Instalacións de ocupación do tempo libre. Investimento novo asociado ao funcionamento operativo servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios	1.500,00	Concello, recursos xerais
22.0.337.63217	Instalacións de ocupación do tempo libre. Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo servizos. Mellora acondicionamento de locais sociais	400.000,00	Concello, préstamo
22.0.342.62500	Instalacións deportivas. Investimento novo asociado ao funcionamento operativos servizos. Mobiliario	3.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.342.62900	Instalacións deportivas. Outros investimentos novos asoc.func. Servizos	6.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.453.62900	Estradas. Outros invest.novos asociados ao funcion.servizos	6.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.453.63900	Estradas. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento de servizos	6.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.920.62300	Administración Xeral. Investimento novo asociado ao funcionamento operativos servizos. Maquinaria, instalacións técnicas	6.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.920.62500	Administración Xeral. Investimento novo asociado ao funcionamento operativos servizos. Mobiliario	10.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.920.64005	Administración Xeral. Propiedade industrial. Patentes e marcas	3.000,00	Concello, recursos xerais
22.0.920.64100	Administración Xeral. Gastos en aplicacións informáticas	4.000,00	Concello, recursos xerais
22.1.1531.60926	EUSI LALIN SSUMA21. Acceso aos núcleos de	180.000,00	Concello, préstamo

poboación. DUSI: LA11 PASARELAS VERDES

22.1.336.60924	EUSI LALIN SSUMA21. Protección e xestión do patrimonio DUSI: PLAN DONRAMIRO	70.000,00 Concello, préstamo.
22.1.337.62247	EUSI LALIN SSUMA21. Instalacións de ocupación do tempo libre. DUSI: PLAN MANUEL RIVERO	575.204,39 Concello, préstamo.
TOTAL		12.819.763,75


NOVENO. A tramitación do orzamento ven recollida nos artigos 162 a 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

O **Orzamento Xeral da Entidade Local** constitúe a *“expresión cifrada, conjunta y sistemática de las obligaciones que, como máximo, puedan reconocer la Entidad y sus Organismos Autónomos, y de los derechos que prevean liquidar durante el correspondiente ejercicio; así como las previsiones de gastos e ingresos de las Sociedades Mercantiles cuyo capital social pertenezca íntegramente a la Entidad Local.”*

As Entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integrarán :

- A) O Orzamento da propia Entidade.
- B) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.
- C) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuio capital social pertenza íntegramente á Entidade Local.

Cada un dos Orzamentos que se integren no Orzamento Xeral da Entidade deberá aprobarse sin déficit inicial. Asímesmo, ningún dos Orzamentos poderá



Cod. Validación: 3DRAKZS6DXA2LAC5GF4WWKMP3 | Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 31

presentar déficit ó longo do exercicio: en consecuencia todo incremento de crédito orzamentario ou decremento nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

O sector público local do Concello de Lalín está formado polo propio Concello e o Padroado Cultural de Lalín , polo que conforme co artigo 166.1.c do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 12 do R.D. 500/1990 se unirá como anexo ó Presuposto Xeral un estado de consolidación do orzamento da propia entidade co orzamento do Padroado.

O Proxecto de Orzamento Xeral formarao o **Presidente da Entidade**, sobre da base dos Orzamentos e Estados de previsión mencionados anteriormente. Ó mesmo tempo unirase a documentación sinalada no **artigo 168.1 do Real decreto Legislativo 2/2004**, Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a saber :

- ✓ **Memoria** explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- ✓ **Liquidación** do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida , como mínimo a seis meses do mesmo.
- ✓ **Anexo de persoal** da Entidade Local.
- ✓ Anexo de investimentos .
- ✓ **Informe económico-financieiro** no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atende-lo cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servicios e, en consecuencia, a efectiva nivelación orzamentaria.

As **fases de tramitación do Expediente** son as seguintes :

1. Incoación. Unha vez formado o Orzamento do Padroado polo Presidente, remitirase



á Intervención para o seu informe. Posteriormente remitirase ó Consello de Administración para a súa aprobación, para, a continuación, remitirse ó Concello para que se poida integrar no Orzamento Xeral municipal.

2. Elevación ó Pleno da Corporación. O Proxecto de Orzamento Xeral informado polo Interventor e cos anexos e documentación complementaria, será remitido polo Presidente ó Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, enmenda ou devolución (artigo 168.4 TRLHL e 18.4 Real Decreto 500/1990).
3. Aprobación inicial do Orzamento polo Pleno da Corporación, por **quórum de maioría simple** dos membros presentes. O acordo, que será único, haberá de detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.
4. Información pública por espazo de quince días hábiles, no Boletín Provincial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar os e presentar reclamacións ante o Pleno.
5. Resolución de toda as reclamacións presentadas. O Pleno disporá para resolvelas do prazo dun mes.

Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar o Orzamento e presentar reclamacións ante o Pleno. Terán a consideración de interesados a estes efectos, segundo se desprende do artigo 22 do RD 500/1990:

- Os habitantes no territorio da respectiva Entidade Local (art.170.1.a) do TRLFL).
- Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da respectiva Entidade Local (170.1.b) do TRLFL).
- Os Colexios oficiais, Cámaras oficiais, Sindicatos, Asociacións e demais Entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos ou veciñais cando actúen en defensa dos que lle son propios (170.1.c) do TRLFL).

Unicamente poderán presentarse reclamacións contra o Orzamento Xeral polos



motivos taxados do artigo 22.2 do RD 500/1990:

- Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites legais.
- Por omitir o crédito preciso para o cumprimento das obrigas esixibles á Entidade Local (170.2.b) do TRLFL).
- Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos Orzamentados, ou ben de estes respecto ás necesidades para as que estean previstas (170.2.c) do TRLFL).

6. Aprobación definitiva. O Orzamento Xeral considerarase definitivamente aprobado se ó término do período de exposición non se presentaran reclamacións; en caso contrario, requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente.

7. Publicación. O Orzamento Xeral definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivera e, resumido por capítulos de cada un dos Orzamentos que o integren, no da Provincia.

8. Remisión do Expediente e entrada en vigor. Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ao Boletín Oficial da Provincia.

A copia do Orzamento e das súas modificacións deberá atoparse a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

CONCLUSIÓN

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o exercicio económico 2022, presentado pola Alcaldía-Presidencia, comprobados os documentos que contén este Proxecto, en base ás consideracións realizadas na análise económico financeira dos proxectos e previsións presentados, esta Intervención fai as seguintes



consideracións:

O Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o 2022 preséntase nivelado, sen déficit inicial por un importe total de **29.871.019,18 euros, no que se refire ó orzamento do Concello e de 984.519,72 euros para o Padroado Cultural de Lalín** dende un punto de vista formal, cumpríndose así o disposto no artigo 165.4 do TRLRHL, en concordancia co artigo 16 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril. Cumpríndose ademais o principio de non afectación, xa que os ingresos correntes son suficientes para facer fronte aos gastos correntes e a amortización de capital. O resumo por capítulos dos seus Estados de gastos e ingresos é o que se recolle na documentación adxunta.

A presidencia da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, ao Pleno da corporación para a súa aprobación, enmenda ou devolución.

O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os orzamentos que integran o orzamento xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

O **procedemento** para a súa aprobación é o descrito no presente informe.

Resulta informado favorablemente o proxecto de Orzamento de 2022 do Concello Lalín pola Intervención municipal. Resulta informado favorablemente o proxecto de Orzamento do Padroado Cultural e do Concello de Lalín 2022 pola Intervención municipal.

O orzamento preséntase con equilibrio, debendo recordarse que en relación aos ingresos orzamentarios, as contías recollidas nos distintos capítulos de ingresos do Proxecto de Orzamento constitúen, a tenor do establecido no artigo 162 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (“...de los derechos que se **prevean** liquidar durante el correspondiente ejercicio ...”), meras previsiones de ingresos , *cuya valoración* corresponde aos órganos xestores, *sendo neste caso susceptibles de control a través da execución do orzamento, aspecto éste moi importante*, dado o nivel cuantitativo de gasto que se estima se financien con

L

K

M

30

G



Cod. Validación: 3DRAKZS6DXA2LAC5GF4WVKMP3 | Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 31

aquéles.

Os informes sobre cumprimento da regra de gasto e estabilidade orzamentaria faranse sobre o Orzamento xeral do Concello, dado que ditas magnitudes deben examinarse de forma consolidada cos orzamentos do Concello e do Patronato.

O Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2022, dende o punto de vista económico-financieiro, foi elaborado con observancia dos preceptos legais e a súa estrutura orzamentaria é a que establece a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

O presente informe sométese a dereito sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis convinte aos intereses xerais.

A Interventora xeral

Susana Souto López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ESTADO DE PREVISIÓN DE MOVIMIENTOS Y SITUACIÓN DE LA DEUDA EN EXPEDIENTE SOBRE APROBACIÓN DE PRESUPUESTO GENERAL MUNICIPAL PARA EL AÑO 2022

De acuerdo con la documentación aportada al expediente 3840/2021, el presupuesto para el año 2022 tiene consignado en su Estado de Gastos, en los Capítulos 3 (Gastos financieros) y 9 (Pasivos financieros), los siguientes importes:

GASTOS (vinculados sólo a operaciones de crédito) :

'Intereses 319,12 euros
913 'Amortización de Préstamos' 120.708 euros

Total 121.027,12 euros

La Deuda Viva total estimada a 1/1/2022 ascenderá a 2.145.292,51 euros de acuerdo con respuesta a consulta a la Subdirección General de Gestión Presupuestaria y Financiera de las Entidades locales del Ministerio de Hacienda y Función Pública, sobre el cálculo de la deuda viva .

Deuda Viva que a 31 de diciembre del mismo año se estima que ascienda a 8.932.596,33 € , lo que representará el 52 % de los ingresos municipales corrientes previstos no consolidados del Presupuesto para el año 2022 .

Este porcentaje para la Deuda Viva a 1/1/2022 es del 12,51%, tomando como referencia las previsiones iniciales de ingresos del Presupuesto 2022 .

El artículo 53.2 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL), texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, regula un indicador legal para la deuda, estableciendo un límite para el capital vivo total que se fija en el 110 por 100 **de los ingresos corrientes liquidados o devengados deducidos de los estados consolidados**. Por encima de este límite el concierto de nuevas operaciones de endeudamiento a largo plazo requiere autorización del Ministerio de Hacienda u órgano competente de la Comunidad Autónoma.

AYUNTAMIENTO DE LALÍN



1. ENTIDAD FINANCIERA: Banco de Sabadell

Nº Contrato 807679247059

Finalización del contrato el 31 de diciembre de 2027

Capital Inicial 965.664 euros

Tipo de Interés 0.0470 variable

Deuda Viva a 1/01/2022 724.248 euros

Cuotas Trimestrales de amortización e intereses del año 2022:
121.027,12 euros

Intereses 2022 (año) 319,12 euros

Amortización 2022 (año) 120.708 euros

Deuda Viva a 31/12/2022 603.540 euros

2. ENTIDAD FINANCIERA: CAIXA RURAL GALEGA

Nº Contrato 3070 0036 77 6284616551

Fecha 19/ 04/ 2021

Duración: 10 años

Capital Inicial 828.537,96 euros

Tipo de Interés Euribor ANUAL + 0,5 variable

Deuda Viva a 1/01/2022 828.537,96 euros

Carencia de 24 meses

3. ENTIDAD FINANCIERA: CAIXA RURAL GALEGA

Nº Contrato 3070 0036 77 6284616551



Fecha 19/ 04/ 2021

Duración: 10 años

Capital Inicial 592.506,55 euros

Tipo de Interés Euribor ANUAL + 0,5 variable

Deuda Viva a 1/01/2022 592.506,55 euros

Carencia de 24 meses

4. Operaciones de crédito previstas en el año 2022:

Importe previsto en el Presupuesto : 6.908.011,82 €

Se hace la estimación de esas nuevas operaciones de crédito con carencia en amortización y no disponibilidad en el año 2022.

RESUMEN

	CAPITAL VIVO		AMORTIZACIÓN	INTERESES
	1 ENERO	31 DICIEMBRE		
	2.145.292,51 €	8.932.596,33 €	120.708	319,12
Total	2.145.292,51	8.932.596,33 €	120.708	319,12

PATRONATO CULTURAL DE LALIN

Sin deuda

Lalín ,

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE



RESUMEN DEL PRESUPUESTO DE GASTOS POR CAPÍTULOS

Operaciones corrientes	691.419,72 Euros
-------------------------------	-------------------------

Capítulo	Denominación	Importe Euros
1	GASTOS DE PERSOAL.	584.559,72
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS.	106.860,00

Operaciones de capital	3.100,00 Euros
-------------------------------	-----------------------

Capítulo	Denominación	Importe Euros
6	INVESTIMENTOS REAIS.	3.100,00

Total presupuesto de gastos:	694.519,72 Euros
-------------------------------------	-------------------------

RESUMEN DEL PRESUPUESTO DE INGRESOS POR CAPÍTULOS

Operaciones corrientes		694.519,72 Euros
Capítulo	Denominación	Importe Euros
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	86.019,72
4	Transferencia correntes.	608.500,00
Total presupuesto de ingresos:		694.519,72 Euros

Ejercicio contable : 2022

RESUMEN DEL PRESUPUESTO DE GASTOS POR CAPÍTULOS**Operaciones corrientes 16.927.547,43 Euros**

Capítulo	Denominación	Importe Euros
1	GASTOS DE PERSOAL.	6.236.050,95
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS.	9.066.446,48
3	GASTOS FINANCIEROS.	50.910,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES.	1.524.140,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTRAS CONTINXENCIAS	50.000,00

Operaciones de capital 12.822.763,75 Euros

Capítulo	Denominación	Importe Euros
6	INVESTIMENTOS REAIS.	12.819.763,75
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	3.000,00

Operaciones financieras 120.708,00 Euros

Capítulo	Denominación	Importe Euros
9	PASIVOS FINANCIEROS.	120.708,00

Total presupuesto de gastos: 29.871.019,18 Euros

Ejercicio contable : 2022

RESUMEN DEL PRESUPUESTO DE INGRESOS POR CAPÍTULO**Operaciones corrientes 17.147.255,43 Euros**

Capítulo	Denominación	Importe Euros
1	Impostos directos.	5.258.243,28
2	Impostos indirectos.	1.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	3.508.545,84
4	Transferencia correntes.	8.324.466,31
5	Ingresos patrimoniais.	55.000,00

Operaciones de capital 5.815.751,93 Euros

Capítulo	Denominación	Importe Euros
7	Transferencias de capital.	5.815.751,93

Operaciones financieras 6.908.011,82 Euros

Capítulo	Denominación	Importe Euros
9	Pasivos financeiros.	6.908.011,82

Total presupuesto de ingresos: 29.871.019,18 Euros